



B

D. JOSÉ LUIS OUJO POUZO ALCALDE DO CONCELLO DE PORTO DO SON FAI SABER:

A

O Instituto de Vivenda e Solo vén de convocar o **bono de alugueiro social do Plan rehaVita para o ano 2017.**

REQUISITOS XERAIS:

- Estar empadroado/a en Galicia durante, polo menos, os 12 meses anteriores á data da solicitude.
- Ser titulares ou estar en condicións de subscribir un contrato de arrendamento nun concello de Galicia.
- Que a dita vivenda constitúa ou vaia a constituír o seu domicilio habitual.
- Que a renda do contrato de arrendamento non supere os 300 € mensuais.
- Que os ingresos económicos familiares non superen os límites previstos.
- Que nin a persoa arrendataria nin ningún outro membro da unidade de convivencia teña vínculo de matrimonio ou relación análoga, nin vínculo de parentesco coa persoa arrendadora.
- Que nin a persoa solicitante nin outro membro da súa unidade de convivencia teña no territorio nacional unha vivenda en propiedade ou en usufruto.
- Que os membros da unidade de convivencia estean ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social

N

REQUISITOS ESPECÍFICOS:

- Persoas afectadas pola interposición dunha demanda de desafiuzamento.
- Mulleres vítimas de violencia de xénero.
- Persoas privadas da súa vivenda habitual por danos sufridos nesta.
- Persoas que, tendo sido arrendatarias dunha vivenda de promoción pública ou beneficiarias do Programa Aluga, finalizase a vixencia do seu contrato:
- Unidades de convivencia en situacións de emerxencia social e que non acaden o os ingresos mínimos establecidos no Programa de vivendas baleiras.

O

TIPO DE AXUDA:

Consiste nunha axuda de 150 € mensuais ata un período máximo de 3 anos. Tamén, poderase outorgar unha axuda complementaria dun máximo de 600 €.

PRAZO DE SOLICITUDE: Ata esgotamento da partida orzamentaria e, en todo caso, ata día **20 de novembro de 2017.**

Para máis información poden dirixirse ás oficinas municipais de Servizos Sociais ou contactar no teléfono 981 86 74 14.

Porto do Son, 23 de xaneiro de 2017

O Alcalde

Asdo) José Luis Oujo Pouso